



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 5/2020 , ORDINARIA, 30 DE XULLO DE 2020

EXPEDIENTE: 2020/G003/000335

Asunto: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 5/2020

CARÁCTER : Ordinaria (xoves 30 de xullo de 2020 ás 20:30 horas)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, tendo en conta o acordo plenario do 24 de xullo de 2019, polo que se estableceu a periodicidade das **sesións ordinarias do Pleno, convoco a correspondente ao mes de xullo de 2020, para o xoves 30 de xullo de 2020, ás 20:30 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) no Salón de Sesións da Casa do Concello coa seguinte

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

- 1.-** Aprobación, no seu caso, das actas das sesións anteriores cuxos borradores foron remitidos aos/ás membros da Corporación.
- 2.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno para a aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello para o ano 2020, previa resolución das reclamacións presentadas en relación coa súa aprobación inicial.

Parte da sesión de control dos demais organos da Corporación

- 3.-** Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 4.-** Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 5.-** Rogos e preguntas.

Notifíquese a presente resolución por correo electrónico a todos/as os sres/as concelleiros/as da Corporación, á señora Interventora e á señora Técnica de Administración Xeral do Concello, advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

En calquera caso, **a sesión presencial deberá realizarse con estrito cumprimento das medidas sanitarias establecidas polo Ministerio de Sanidade do Goberno da Nación, vixentes no día desta convocatoria, e das establecidas no texto vixente, tralas súas sucesivas modificacións, da resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (publicada no DOG nº 115, do 13 de xuño)**, logo de dispoñer o Presidente da Xunta de Galicia mediante o seu decreto 90/2020, do 13 de xuño, (de acordo co establecido no artigo 6.2 do Real decreto 555/2020, do 5 de xuño) a superación da fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19, e, polo tanto, a entrada na “nova normalidade”, con efectos desde as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020, e segundo a súa modificación realizada mediante a resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade:

“1.1.-Obrigas de cautela e protección.

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade. C

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

1.2.-Distancia de seguridade interpersonal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuadas e etiqueta respiratoria.

O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.

1.3. Obrigatoriedade do uso de máscaras.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

a).-Obriga xeral.

Para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, tanto cando se estea na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.(...)

c).-Condicións de uso da máscara.

Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído. Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os cales este tipo de máscara poida estar recomendada (...)”.

1.4.-Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles con COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de garganta, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos, deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario coa maior brevidade.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar unha habitación de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.5.-Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por ter infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible con COVID-19, ou que se atopen pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou coretena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou coretena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.”.

Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe
A ALCALDESA EN FUNCÍONS


(Por substitución do señor Alcalde por ausencia,
segundo decreto 320/2020, do 20 de xullo de 2020)

Susana Guimarey García

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

FIRMADO POR Susana Guimarey García (FECHA: 27/07/2020 10:35:00)

(FECHA: 27/07/2020 10:19:00) , Diego García Doval

Decreto Nº: 336/2020 - Fecha de decreto: 27/07/2020

Versión imprimible

CVD: ESZrwiSUCvYb0d+TSxvF1
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.